



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO PROGRAMA 'NATURACCIÓN'

Eu, como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DECLARO:

Que a Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue o curso escolar 2025/26, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Fundación para a posta en marcha do programa "Naturacción", dirixido a todo o alumnado de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, educación especial e formación profesional da provincia de Lugo, en particular da Mariña lucense e a súa área de influencia, promovendo o desenvolvemento de proxectos de innovación ambiental interdisciplinarios en todos os centros participantes, sobre temáticas relacionadas coa recuperación e a protección do medio ambiente.

O programa "Naturacción" desenvolverase de forma conxunta pola Consellería e a Fundación como un programa paralelo e complementario de Voz Natura.

No programa participan tanto centros públicos como privados. A Consellería financiará a participación dos centros públicos, mentres que a Fundación financiará a dos centros privados e aqueles que dependan das administracións municipais.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nas seguintes actividades:

- A promoción e o desenvolvemento de actividades de conservación e coidado do medio ambiente.
- Promover, fomentar e soste total ou parcialmente a defensa do patrimonio ecolóxico e o seu coñecemento, a través dos medios de comunicación social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

